



**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 17 DE OUTUBRO DE 2013, RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO OUTEIRO GRANDE, NOS CONCELLOS DA ESTRADA, FORCAREI E SILLEDA (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR AV OUTEIRO RUBIO, S.L.U. (CLAVE: 2011/0122).**

### ANTECEDENTES

O parque eólico denominado Outeiro Grande foi admitido a trámite na Resolución da Consellería de Economía e Industria do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación de anteprojectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia, cunha potencia de 18 MW.

En desenvolvemento do anterior, por solicitude da adxudicataria Airosa Vento, S.L. (que logo constituiu a filial unipersonal AV Outeiro Rubio, S.L.U.), a unidade tramitadora correspondente (Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra) iniciou o procedemento de autorización administrativa das instalacións que comprende o referido parque eólico, de conformidade co establecido na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Con data 10 de maio de 2011 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o documento ambiental do proxecto, remitido pola dita unidade tramitadora para que o órgano ambiental efectúe as consultas que resulten oportunas no marco da avaliación de impacto ambiental, conforme o establecido no texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, e as súas posteriores modificacións.

O 7 de xuño de 2011 esta secretaría xeral notificou á unidade tramitadora o inicio do período de consultas previas para a determinación do sometemento ou non do proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, de acordo co previsto no artigo 17 da citada norma, por tratarse dun proxecto dos contemplados no seu anexo II (Grupo 4.h, Parques eólicos non incluídos no anexo I).

A relación de organismos consultados, indicando cun X aqueles dos que se recibiu resposta, é a seguinte:

<i>Relación de consultados</i>	<i>Respostas recibidas</i>
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	X
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe	X
Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública	X
Secretaría Xeral para o Turismo	
Augas de Galicia	
Concello da Estrada	
Concello de Forcarei	X
Federación Ecoloxista Galega	
Sociedade Galega de Historia Natural	X
Sociedade Galega de Ornitoloxía	

Así mesmo recibíuse un escrito da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).

Finalizado o dito período de consultas, vistas as respostas recibidas e analizado o proxecto en relación aos criterios do anexo III do texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, determinouse preciso sometelo ao trámite de avaliación de impacto ambiental.



Mediante oficio de data de saída 16 de setembro de 2011 notificouse á unidade tramitadora a antedita cualificación ambiental e déuselle traslado da amplitude e nivel de detalle do estudo de impacto ambiental (EsiA) a elaborar polo promotor, con copia das respostas recibidas.

Con posterioridade recibíuse resposta da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ás consultas previas, que tamén lle foi trasladada para que lla achegase ao promotor.

Mediante Resolución do 9 de abril de 2012, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra (publicada no DOG nº 106, do 5 de xuño de 2012), someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, declaración de utilidade pública, en concreto, e o estudo de impacto ambiental das instalacións que comprende o parque eólico Outeiro Grande.

Con data 14 de novembro de 2012 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas como órgano substantivo por razón da materia, contendo entre outra documentación os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións e os informes recibidos pola antedita Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.

No que respecta a alegacións, en dita remisión constan, xunto coa resposta dada polo promotor, as presentadas pola Sociedade Galega de Historia Natural e por 94 particulares, veciños das parroquias de Olives, Curantes e Pardemarín do concello da Estrada, propietarios de predios na zona ou que se consideran afectados polo parque. As ditas alegacións, no que respecta exclusivamente ao seu contido ambiental, foron tidas en conta, no que procede, ao longo da presente declaración.

Os informes que se reciben nesa data corresponden aos seguintes organismos: Direccións Xerais do Patrimonio Cultural, de Conservación da Natureza, e de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Instituto de Estudos do Territorio (antiga D.X. de Sostibilidade e Paisaxe), Secretaría Xeral para o Turismo, Augas de Galicia, Concellos de Forcarei e Silleda e Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra.

Doutra banda, o expediente contén o documento titulado "*Proyecto de ejecución. Separata de MétéoGalicia. Marzo de 2012*", presentado polo promotor a requirimento desta secretaría xeral co obxecto de valorar a posible incidencia do parque sobre un radar meteorolóxico propiedade da Xunta de Galicia situado no cumio do Monte Xesteiras. O dito documento foi informado pola Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Investigación, quen o considerou incompleto e determinou a necesidade de desprazar dous aeroxeradores pola súa interferencia co dito radar.

Posteriormente, o 27 de novembro de 2012, recíbese un informe complementario do Instituto de Estudos do Territorio, sobre a documentación adicional presentada polo promotor en resposta ao informe emitido polo dito organismo sobre o EsiA.

O 24 de setembro de 2013 recíbese do órgano substantivo, en resposta á solicitude de emenda efectuada polo órgano ambiental tras a análise do expediente, diversa documentación que inclúe: informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre o documento "*Addenda a la memoria técnica. Prospección arqueolóxica intensiva. Replanteo del aerogenerador OG-03*", achegado polo promotor como segunda resposta ao informe emitido pola dita dirección xeral sobre o EsiA; informe da Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Investigación sobre o novo estudo da posible incidencia do parque eólico sobre o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras (titulado "*Informe del impacto del PE de Outeiro Grande sobre el radar meteorológico de Monte Xesteiras y propuestas de corrección. Feb. 2013*"); unha valoración ambiental das modificacións da configuración do parque contidas nos anteditos documentos (titulada "*Adenda al estudio de impacto ambiental. Agosto 2013*") e un novo croquis do proxecto coa planta final do parque tras os ditos cambios.



No referente ao novo estudo da posible incidencia do parque sobre o radar meteorolóxico de Monte Xesteiras, sinalar que foi informado pola Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Investigación, a cal, tras o desprazamento dos aeroxeradores OG-02 e OG-03 proposto polo promotor, considerou viable a instalación do parque adoptando unha serie de medidas compensatorias.

O 3 de outubro de 2013 recíbese un exemplar do documento "Adenda al Anexo II. Estudio Paisajístico. Julio 2012", sobre o cal o Instituto de Estudos do Territorio emitira un informe complementario.

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, formula, aos sós efectos ambientais, a declaración de impacto ambiental (DIA) do proxecto do parque eólico Outeiro Grande, nos concellos da Estrada, Forcarei e Silleda (Pontevedra), promovido pola empresa AV Outeiro Rubio, S.L.U.

No anexo desta declaración inclúese un resumo das características básicas do proxecto e da zona de actuación, xunto cun croquis do proxecto coa configuración final do parque tras os cambios introducidos a raíz dos informes emitidos pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e pola Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Investigación.

## DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental e restante documentación avaliada, tendo en conta que, no caso de que exista contradición entre o indicado na antedita documentación e o establecido na presente declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, aos sós efectos ambientais, condicionados adicionais aos anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor, co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección do medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, achegando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada a presente declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta secretaría xeral.

### 1. ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente declaración refírese en exclusiva ao proxecto do parque eólico Outeiro Grande, que consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 18 MW de potencia total nos concellos da Estrada, Forcarei e Silleda (Pontevedra), constituído por 6 aeroxeradores de 3.000 kW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (Fuso 29, Datum ED 50):

Vértice	UTM X	UTM Y
A	550.000	4.727.960
B	550.280	4.727.960



Vértice	UTM X	UTM Y
C	550.280	4.727.800
D	550.600	4.727.800
E	551.800	4.728.300
F	551.920	4.727.720
G	551.720	4.727.500
H	551.720	4.727.360
I	553.500	4.726.880
J	553.500	4.726.340
K	553.040	4.726.220
L	552.880	4.725.940
M	552.400	4.725.940
N	552.140	4.725.480
O	551.560	4.724.940
P	553.180	4.724.160
Q	553.180	4.724.000
R	550.000	4.724.000

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano "**Planta general. Plano nº 1**" do documento "*Adenda al estudio de impacto ambiental. Agosto 2013*".

## 2. PROTECCIÓN DA ATMOSFERA

1. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque cumprirán coa normativa vixente tendo en conta, no seu caso, o indicado nas ordenanzas municipais ao respecto.

Así mesmo, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque levarase a cabo un control do nivel de ruídos, téndose que adoptar as medidas correctoras oportunas (incremento do illamento dos equipos, pantallas de illamento acústico, etc) no caso de que se superen os límites legalmente establecidos.

Para tal fin levarase a cabo, a través de entidade acreditada mediante ISO 17025, o plan de seguimento do nivel de ruídos proposto no EsIA, tendo en conta as cuestións indicadas no punto 9.2.1 da DIA.

## 3. PROTECCIÓN DAS AUGAS E LEITOS FLUVIAIS

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía (cruzamentos de pistas ou gabias do cableado, etcétera), así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso Augas de Galicia.

Así mesmo, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación.



2. En relación co anterior, segundo se desprende da documentación avaliada e o informado por Augas de Galicia, dentro da poligonal o proxecto contempla o cruzamento dos regatos de Olives (por unha curva a rectificar no acceso ao aeroxerador OG-01) e de Parada (en tres puntos, todos eles por vieiros a acondicionar sobre camiños existentes para o acceso aos aeroxeradores OG-05 e OG-02).

En todas estas zonas, así como en calquera outra onde puidera existir risco de desencadeamento de procesos erosivos e de incorporación de sólidos ás augas (como nas cabeceiras do regueiro de San Martiño polas rectificacións de curvas na estrada asfaltada da que parte o acceso xeral ao parque), extremaranse as precaucións na execución e control das obras, adoptando o conxunto de medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas ao longo do estudo de impacto, así como as establecidas nesta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación dos cursos fluviais e a calidade das súas augas.

Prestarase especial atención ao balizamento e sinalización das ditas zonas, co fin de evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra, lembrando que segundo avanza a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas propostas no EsIA para a protección fronte os arrastres e escorregamentos.

Así mesmo, as precaucións estenderanse á preservación das comunidades vexetais e animais asociadas á estrutura interna e externa dos leitos fluviais, adoptando as medidas propostas no estudo ambiental. Neste sentido, naqueles leitos nos que nas súas marxes se teña desenvolvido vexetación de ribeira ou outras frondosas, a corta de exemplares reducirase ao mínimo imprescindible para efectuar o cruzamento ou rectificación, debéndose logo proceder á súa reposición conforme se recolle no punto 8.3 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Lémbrese que non está permitido o lavado de maquinaria e utilaxe nos cursos de auga.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, levarase a cabo o plan de control da calidade das augas proposto no EsIA, tendo en conta as consideracións indicadas no punto 9.2.2 da DIA.

4. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais existentes na zona, tendo en conta que nalgúns casos son destinadas a abastecemento de poboación, tal e como se sinala en varias das alegacións presentadas ao proxecto.

5. Tal e como se contempla no EsIA, na rede viaria do parque disporanse as estruturas de drenaxe transversal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o trasvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en pequenas valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxes do parque cara á rede hidrográfica deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, disporanse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.



Tanto na fase de obras como na de funcionamento realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, efectuando os oportunos labores de mantemento da rede de drenaxes do parque e adoptando as medidas protectoras ou correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Para tal fin, en ambas as dúas fases levarase a cabo o control de drenaxes que figura no EsIA.

6. Sempre que tecnicamente sexa posible, o lavado de camións que transporten formigón realizarase nas plantas subministradoras. No caso de que isto non sexa posible, minimizarase o número de foxos de lavado previstos, que en todo caso irán dotados das medidas protectoras que figuran no EsIA.

7. No caso de que a fosa séptica prevista para o tratamento das augas residuais que se xeren no edificio de control non sexa estanca, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

#### 4. PROTECCIÓN DO SOLO E INFRAESTRUTURAS

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustará ao establecido nesta declaración, estando prohibido ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Os elementos do parque non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das devasas e pistas forestais existentes na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

3. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberán dispoñerse mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados en emprazamento autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

4. No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamento autorizado.

5. No caso de que finalmente fose necesario o emprego dalgunha das áreas de depósito de sobrantes de escavación ás que se fai referencia no EsIA, o promotor deberá contar cos permisos e/ou autorizacións que resulten oportunas, procedendo á súa restauración unha vez rematada a obra conforme se indica no punto 8 da DIA.

6. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

7. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido aos labores de construción do parque, deberá restituírse a súa calidade aos niveis previos ao inicio das obras.

#### 5. XESTIÓN DE RESIDUOS

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.

2. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase no punto limpo da área de casetas de obra e parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto da subestación/edificio de control durante a de funcionamento, sinalizando claramente a presenza dos



residuos e cumprindo en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente, así como as restantes medidas que figuran no estudo de impacto ambiental.

3. De resultar precisa algunha área adicional á contemplada no EsIA para instalacións auxiliares de obra ou almacenamento de residuos, seleccionárase un emprazamento de baixo valor ambiental de acordo cos criterios expostos no estudo, cumprindo así mesmo coas restantes medidas preventivas e de xestión establecidas para ditas áreas.

## 6. PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS NATURAIS

De acordo co indicado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, para garantir a integración medioambiental do proxecto deberán considerarse as cuestións sinaladas no seu informe, as medidas recollidas na documentación ambiental e observarse unha boa práctica medioambiental, para o que se terán como guía as consideracións expostas pola dita dirección xeral na súa contestación ás consultas previas.

### 6.1. Sobre a fauna

1. Dado que entre as aves rapaces inventariadas na área do parque figura a tartaraña cincenta *Circus pygargus* (catalogada como vulnerable no Catálogo galego de especies ameazadas), que nidifica sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto é susceptible de verse afectada polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións do parque.

No caso de detectarse a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións para garantir a tranquilidade das aves.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor.

En especial, atenderase á presenza de aves rapaces (na zona están inventariadas varias especies que anían en árbores; miñato *Buteo buteo*, azor *Accipiter gentilis*, gabián *Accipiter nisus*, aguiá cobreira *Circaetus gallicus*, millafre negro *Milvus migrans*, falcón pequeno *Falco subbuteo*, avelaiona *Strix aluco*...) ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Non obstante o anterior e con carácter xeral, para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións, implementando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

Non se esquecerán outros grupos faunísticos potencialmente vulnerables, como poden ser os réptiles ou os anfibios, dos cales na zona de estudo se teñen inventariado algunhas especies que figuran nos Catálogos galego e español de especies ameazadas.

4. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.



No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrir a dita situación, entre as que se poden contemplar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, o establecemento de períodos de parada técnica dos aeroxeradores no caso de alcanzarse umbrais de risco, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, instalación de disuasores automáticos, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflitivos, etcétera.

Para tal fin, levaranse a cabo plans de seguimento de avifauna e quirópteros, de acordo co sinalado no punto 9.2.3 da DIA.

5. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos contemplados no apartado correspondente do estudo de impacto ambiental e, no seu caso, con outras instalacións existentes no contorno. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse este tipo de efectos.

6. Adoptaranse as medidas precisas para minimizar o potencial impacto sobre réptiles, anfibios e pequenos mamíferos, tanto no que respecta ao efecto barreira que poidan supoñer os vieiros, como no relativo ao risco de atropelo, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para os mesmos.

Neste sentido, no caso de que nalgún dos camiños do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos animais que puidesen caer ao foxo. As ditas medidas poderían consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla que facilite a saída ou facer o foxo cun ou os dous laterais abertos.

## **6.2. Sobre a vexetación e hábitats naturais**

1. A eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución das obras, empregando sistemas de roza para a matogueira e non facendo uso do lume nin fitocidas nestas tarefas.

2. Previamente á corta de arboredo terá que realizarse a pertinente comunicación de corta ou solicitude de autorización ou permiso segundo corresponda, en función do disposto na normativa de aplicación.

3. En relación coa presenza de hábitats naturais na área do parque, aínda que segundo o Inventario Nacional de Hábitats e Taxóns no contorno da área de actuación poderían atoparse os hábitats naturais de interese comunitario Breixeiras secas europeas (código 4030), Breixeiras oromediterráneas endémicas con toxo (código 4090) e Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii* (código 8230), tanto do estudo de impacto ambiental como do informe sobre o mesmo emitido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza despréndese que non se considera significativa a afección sobre estes hábitats, elo sen prexuízo de que se adopten as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas no EsIA así como as establecidas nesta DIA.

4. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria a empregar, control da procedencia dos préstamos, rápida restauración dos terreos degradados, emprego de especies autóctonas na revexetación...). Así mesmo, no seguimento e vixilancia ambiental a efectuar incorporaranse controis co fin de acadar unha detección precoz desta situación e, para o caso en que se confirme a introdución de especies invasoras, adoptaranse medidas de resposta rápida para a súa erradicación.





5. Disporanse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque, entre elas as que figuran no EsIA.

6. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima *in situ* destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

## 7. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitiu un primeiro informe sobre o EsIA (que no seu anexo IV contén a avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural) no cal sinalaba entre outras medidas a necesidade de desprazar puntualmente o aeroxerador OG-03 e a súa infraestrutura asociada para salvagardar un xacemento arqueolóxico.

Como resposta ao devandito informe, o promotor achegou o documento "*Addenda a la memoria técnica. Prospección arqueológica intensiva. Replanteo del aerogenerador OG-03*", sobre o cal a dita dirección xeral informa o seguinte:

- A localización alternativa para o aeroxerador OG-03, desprazando a súa posición orixinal ao SE e afastando as obras do ben en torno a 75 m, reduce o impacto sobre o xacemento arqueolóxico Túmulo de Pena das Abelairas (GA36017137) respecto ao deseño contemplado no estudo de impacto ambiental. Ademais de aumentar a distancia entre as obras e o ben, o impacto sobre o contorno diminúe ao aproveitar infraestruturas existentes na zona.
- Polo demais, as medidas protectoras e correctoras previstas no documento son axeitadas de cara a garantir a protección e conservación do ben. En consecuencia, infórmase favorablemente a nova posición do aeroxerador OG-03 proposta no antedito documento, sinalando non obstante o seguinte:
  - O lugar no que se prevé situar o aeroxerador localízase nas proximidades dun ben de carácter arqueolóxico, polo que deben adoptarse as cautelas precisas para evitar novas afeccións sobre bens non detectados ata o de agora. Neste sentido, e tal e como xa se sinalaba no informe emitido sobre o EsIA, todas as obras que se leven a cabo dentro de áreas de protección de bens do patrimonio cultural deberán executarse en presenza da persoa que asuma a dirección do proxecto de control e seguimento arqueolóxico.
  - En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

## 8. INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA E RESTAURACIÓN

1. Co fin de garantir unha axeitada integración paisaxística da instalación, terase especial coidado na aplicación das medidas protectoras, correctoras e de restauración e integración paisaxística que figuran ao longo do estudo de impacto ambiental, lembrando que o edificio de control e o pechamento da subestación deberán harmonizar co contorno.

2. Na execución dos vieiros do parque minimizaranse ao máximo os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible co contorno.



3. Todas as superficies afectadas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores - que deberán ser revexetadas en toda a súa extensión, podéndose deixar un camiño de acceso á porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario-, contorno da subestación/edificio de control e torre meteorolóxica, parque de maquinaria e área de casetas de obra, zonas de amoreamento de materiais, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se é o caso...) deberán ser restauradas e revexetadas, favorecendo a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, levaranse a cabo as actuacións de restauración e revexetación que figuran no estudo de impacto ambiental, tendo en conta as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acadan o seu estado definitivo.
- No que respecta ás fórmulas de hidrosementeira F-1 e F-2 propostas, deberán engadirse especies arbustivas de breixo e piorno á mestura de sementes. A proporción de cada grupo de especies axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 gr/m<sup>2</sup> (300 kg/ha).
- Deberá procederse á reposición, en igual ou superior cantidade, daqueles pés de vexetación de ribeira e outras frondosas autóctonas que resulten afectados pola execución dos cruzamentos e rectificacións de trazado aos que se fai referencia no punto 3.2 da DIA.
- Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.

4. Unha vez rematada a vida útil do parque eólico, ou ben no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Contemplantase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aeroxeradores, torre/s anemométrica/s se é o caso e subestación transformadora (podendo deixarse o edificio de control para outros usos), demolición de zapatas en superficie (pedestais ou peañas), restauración dos viais de nova execución creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas pola desmontaxe.

## 9. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

### 9.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado desta declaración, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo de impacto ambiental ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordadas coas novas problemáticas xurdidas.



Para tal fin, e tomando como base o plan de seguimento proposto na documentación avaliada, deberán incorporarse os controis e estudos necesarios para adaptalo aos condicionantes xurdidos da presente declaración. Na redacción deste programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, indicadores e umbrais ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Asemade, teranse en conta as seguintes consideracións:

- As tomas de mostras, medicións e/ou analíticas serán realizadas por organismo de control autorizado ou entidade acreditada ou autorizada, e os resultados deberán vir asinados por un técnico da dita entidade. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta declaración, comunicaranse inmediatamente ao órgano substantivo, propoñéndose as medidas correctoras precisas e específicas para corrixilas. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente DIA, o promotor deberá designar un/s responsable/s do control deste, notificando o seu nomeamento ao órgano substantivo, quen o comunicará ao órgano ambiental.

## **9.2. Aspectos específicos**

9.2.1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruídos ao que se fai referencia no punto 2 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Da proposta de puntos de control que figura no EsIA poden suprimirse os puntos 01, 06, 07, 08, 11 e 14.
- Terase en conta que se deberá efectuar unha campaña preoperacional en todos os puntos seleccionados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo. Os resultados da dita campaña incorporaranse aos informes de seguimento ambiental (tanto os de obra como os de funcionamento), comparándoos cos datos que se vaian obtendo en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase unha medición en cada punto de control no momento no que se estean executando obras preto del, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa. Na fase de funcionamento a frecuencia será mensual durante o primeiro semestre e bimestral durante o segundo, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.

9.2.2. En relación co plan de seguimento da calidade das augas ao que se fai referencia no punto 3 da DIA, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Engadirase un punto adicional de control da calidade das augas no regato de Parada, augas abaixo do cruzamento polo tramo de vieiro a acondicionar como acceso ao aeroxerador OG-02, que foi desprazado pola súa interferencia co radar meteorolóxico de Monte Xesteiras segundo se recolle no punto 10.5 da DIA.



- Lémbrese que se deberá levar a cabo unha campaña preoperacional con mostraxes en todos os puntos de control seleccionados, para dispoñer de datos da calidade das augas existente antes da execución das obras. Os resultados desta campaña incorporaranse aos informes de seguimento ambiental (tanto os de obra como fin de obra e de funcionamento se é o caso) para comparalos cos datos obtidos en cada período de seguimento.
- A periodicidade dos controis en fase de obras poderá restrinxirse ao momento no que se estean executando as obras relacionadas con cada punto de control seleccionado, e non con carácter xeral en todos eles ao longo da duración da obra como se desprende do plan incluído no EsIA.

9.2.3. En relación cos plans de vixilancia e demais controis aos que se fai referencia no punto 6 da DIA, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Tal e como se desprende do punto 9.1.- *Aspectos xerais*, deberán incorporarse ao programa de vixilancia os controis que se deriven das cuestións sinaladas no dito punto 6 (control de nidificación de rapinas do xénero *Circus* sobre o solo e doutra avifauna en arboredo, protección doutra fauna ou flora de interese, detección de especies invasoras, etcétera).
- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquelo que resulte aplicable) teranse en conta as seguintes consideracións, algunhas das cales xa están contempladas no EsIA:
  - Deberán realizarse os estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxos (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia e detectar posibles cambios nestes aspectos producidos pola instalación e presenza do parque eólico. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona.
  - Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, detallando os controis a efectuar e a súa frecuencia, contemplando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aeroxeradores e a detección de morte por colisión. Metodoloxía para a estimación de índices de colisión e a súa variación estacional, e do estudo de voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo).

Incluirase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias e migratorias.
- Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar esta frecuencia en época de paso migratorio e de dispersión de xuvenís. En cada visita se revisarán os 6 aeroxeradores do parque.



- Definición cuantitativa e cualitativa de umbrais de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes umbrais deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
- Definiranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, contemplando entre elas as sinaladas no punto 6.1 da presente DIA.
- Describírase o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas) outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración, discusión e conclusións finais.

Revisado e adaptado o plan de seguimento de avifauna e quirópteros do estudo de impacto ambiental seguindo as anteriores indicacións, o plan deberá ser remitido a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a través do órgano substantivo, para a súa revisión e validación previamente ao inicio das obras do parque, debendo achegarse un (1) exemplar en papel e dous (2) en soporte dixital.

### 9.3. Informes do programa de vixilancia

Os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental serán presentados polo promotor perante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento do condicionado da DIA conforme o establecido na normativa ambiental. Estes informes estarán asinados polo/s técnico/s responsable/s da súa elaboración, coa supervisión -no seu caso- do responsable do control do seguimento ambiental.

Un exemplar en soporte dixital de todos os informes de seguimento deberá ser remitido ao órgano ambiental para a súa constancia no expediente.

9.3.1. Durante a execución das obras presentarase, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado, con todas as actividades, incluíndo as medidas protectoras e correctoras e indicando, para cada actividade, a porcentaxe de execución respecto ao total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante a medición e aportando as razóns da elección dos puntos nos que se realiza o control respecto do total de puntos de control establecidos), control da calidade das augas (aportando as razóns da elección dos puntos nos que se realiza o control respecto do total de puntos establecidos no plan de vixilancia), funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna e quirópteros, protección de hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas, tendo en conta todas as cuestións que se derivan dos puntos 2, 3 e 6 da DIA, incorporando os resultados das campañas preoperacionais ou estudos que se efectúen e as que xa consten no EsIA, e comparando estes datos cos que se vaian obtendo en cada período de seguimento.
- c) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co plan de vixilancia proposto no EsIA e todos aqueles que se deriven desta DIA (indicando datas das visitas), resultados da aplicación das medidas protectoras e correctoras, incidencias e/ou imprevistos acontecidos, labores de restauración efectuados, xestión dos residuos de obra, etc. O informe avaliará o cumprimento da declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.



- d) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e plano en planta, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.

9.3.2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, o promotor presentará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e o estado final do parque tras a finalización destas, xunto cun resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo da fase de obras, medidas protectoras e correctoras adoptadas (tanto as indicadas na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, xestión de residuos de obra, etc. Descrición detallada do estado final da área afectada en relación a todos os aspectos contemplados na documentación avaliada e no condicionado da declaración.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, subestación transformadora, edificio de control e torre meteorolóxica, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial da zona destinada a instalacións de obra), zonas onde se efectuaron medidas protectoras e correctoras, etc. Nas fotografías indicárase a data e hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano "as built", a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras e/ou correctoras. Inclúese unha táboa coas coordenadas UTM das posicións definitivas dos aeroxeradores.
- d) Ficheiros dixitais do plano "as built" coas capas: poligonal do parque, aeroxeradores e vieiros de acceso. O tipo de ficheiros de entrega será ESRI shapefile ou GML (Geographic Markup Language). O sistema cartográfico de representación deberá ser a proxección conforme Universal Transversa de Mercator (UTM) e o sistema de referencia xeodésico o European Datum 1950. O tipo de xeometría será o seguinte: para a capa da poligonal do parque, polígono; para a capa de aeroxeradores, punto; para a capa de vieiros de acceso, liña. Os datos xeográficos subministrados deberán ir acompañados dos seus respectivos metadatos. Os metadatos axustaranse aos contidos do Núcleo Español de Metadatos (recoméndase empregar o editor de metadatos CatMDEdit) e se entregarán en formato XML.

9.3.3. Iniciada a fase de explotación do parque, o promotor presentará, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (indicando o número de aeroxeradores en marcha durante a medición), control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e, se é o caso, do seguimento da calidade das augas, conforme se deriva dos puntos 2, 3 e 6 da DIA.
- b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna, quirópteros e demais fauna, así como informe dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) tendo en conta o sinalado no punto 6.1 da DIA.



- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, aparición no seu caso de especies invasoras, estado dos vieiros, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, contorno da subestación/edificio de control, torre meteorolóxica e aquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Detallaranse os controis ambientais efectuados de acordo co plan de vixilancia proposto no estudo ambiental e todos aqueles que se deriven desta DIA, así como a eficacia e evolución de todas as medidas protectoras e correctoras adoptadas. Nas fotografías indicárase a data e hora, acompañándoas dun plano de localización.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores.

**9.3.4. Informe previo ao abandono:** no prazo de seis (6) meses previos á finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) onde se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento do sinalado no punto 8.4 da DIA.

**9.3.5. Informe posterior ao abandono:** no prazo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, remitirase un informe que conteña a descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Acompañarase de reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.

## 10. OUTRAS CONDICIÓNS

1. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo de restauración, de acordo co disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 295.423 euros, dos cales 126.610 € corresponden á fase de obras e 168.813 € á de desmantelamento e abandono do parque.

2. De acordo co establecido na normativa ambiental, o promotor deberá comunicar a esta Secretaría Xeral, a través do órgano substantivo, a data de inicio das obras do parque e a de posta en marcha da instalación.

3. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do contemplado na presente DIA deberá elaborarse tendo en conta a variable ambiental, e no caso de que puidera producir efectos significativos sobre o medio ambiente, deberá ser notificado previamente a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, quen o avaliará e decidirá sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso se procede ou non a modificación da DIA ou a iniciación dun novo trámite de avaliación ambiental.

4. O órgano ambiental deberá ser informado, a través do órgano substantivo, de calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

5. No que respecta á posible incidencia do proxecto sobre un radar meteorolóxico propiedade da Xunta de Galicia situado no cumio do Monte Xesteiras, o promotor achegou, tal e como se recolle no apartado de antecedentes desta DIA, un primeiro documento específico sobre esta cuestión.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**galicia**

O dito documento foi informado pola Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Investigación, quen o considerou incompleto e determinou a necesidade de desprazar dous aeroxeradores (OG-02 e OG-03) que se atopaban no mesmo corredor acimutal e producirían interferencias insalvables co radar.

Tras a presentación dun segundo estudo por parte do promotor, no cal xa se contemplaba o desprazamento dos devanditos aeroxeradores, a citada subdirección xeral emitiu novo informe no que considerou viable a instalación do parque coa adopción das medidas compensatorias que figuran no dito estudo, non sendo preciso introducir máis modificacións na planta do parque por este motivo.

Polo tanto, e non tendo xa esta cuestión repercusións a efectos do ámbito desta DIA, será o órgano substantivo quen considere na autorización administrativa das instalacións o condicionado que se deriva do dito informe.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2013

O SECRETARIO XERAL DE CALIDADE  
E AVALIACIÓN AMBIENTAL



Justo de Benito Basanta





## ANEXO

### RESUMO DO PROXECTO E DO MEDIO NATURAL

O proxecto denominado "Parque Eólico Outeiro Grande", promovido pola sociedade AV Outeiro Rubio, S.L.U., consiste na execución dun parque eólico composto por 6 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada, que se distribuirán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 1 desta DIA e conforme o reflectido no croquis que acompaña a este anexo, que inclúe xa as modificacións ás que se fai referencia nos puntos 7 e 10.5 da DIA.

As características básicas do proxecto son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 6.
- Potencia nominal unitaria: 3.000 kW.
- Modelo previsto: Vestas V-112.
- Potencia total instalada: 18 MW.
- Altura de buxa: 94 m.
- Diámetro de rotor: 112 m.
- Orzamento: 16.881.295,21 euros.

O proxecto contempla así mesmo a construción dunha subestación transformadora 30/132 kV de tipo compacto, cun edificio de control anexo de planta única, que albergará a sala de celas eléctricas, a sala de control, almacén-taller, zona destinada a residuos, cociña, aseos e vestiarios, estando o conxunto dotado de fosa séptica para o tratamento das augas residuais. Está prevista tamén a instalación dunha torre meteorolóxica de tipo autoportante, no contorno do aerogerador OG-04. Segundo se indica no EsIA, a proposta para a evacuación da enerxía producida no parque será obxecto doutro expediente, á espera da asignación do punto de conexión.

A obra civil inclúe a apertura duns 1.410 m de vieiros de acceso e servizo aos aerogeradores e torre meteorolóxica e o acondicionamento, para o mesmo fin, duns 4.562 m de camiños existentes, cunha anchura de rodadura de 6 m como mínimo e dotados de cunetas e drenaxes transversais para recollida e evacuación de augas pluviais. Así mesmo, escavaranse uns 4.157 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións que interconectará os aerogeradores entre sí e estes coa torre meteorolóxica e subestación transformadora/edificio de control, cuxo trazado discorre paralelo aos vieiros do parque en todo o seu percorrido. A duración estimada da fase de obras é duns 7 meses.


Como zona para instalacións auxiliares de obra, casetas, parque de maquinaria, amoreamentos de materiais, etc., empregárase unha superficie anexa á subestación transformadora, onde tamén se disporá un punto limpo para a recollida de residuos. Hai tamén un emprazamento temporal para a montaxe e desmontaxe do guindastre de celosía, adxacente ao acceso ao aerogerador OG-05. Para materiais de obra e terra vexetal tamén se poderá empregar a traza dos vieiros.

Segundo se reflicte na documentación avaliada, a vexetación na área de implantación do parque está composta maiormente por repoboacións de piñeiro en diferentes grados de desenvolvemento e por matogueira de breixo, toxo e piorno, atopándose en menor proporción terras de labor, algún eucalipto, vexetación de ribeira asociada a algún dos regos e regatos que discorren pola zona e outro arboredo caducifolio (carballos e bidueiros) nas zonas de valgada e no contorno dalgúns leitos fluviais.

De acordo co informado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, a zona onde se proxecta a instalación non ostenta actualmente ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais. Sinalan así mesmo que o parque tampouco afectaría a ningunha das zonas incluídas dentro da nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000, actualmente en trámite, engadindo non obstante que nas proximidades se localiza o LIC/ZEPVN "Brañas de Xestoso".



**CROQUIS**



*[Handwritten signature]*